

RESUMO DE CONTIDOS

Aventura animal

Ciencias da Natureza |
5º EP



Aventura animal

Ciencias da Natureza

5º de Educación Primaria

Índice

Animais autóctonos galegos.....	2
O reino dos animais.....	2
Clasificación.....	3
Os animais vertebrados.....	3
Clasificación dos animais vertebrados.....	4
Os animais invertebrados.....	6
Clasificación dos animais invertebrados.....	6
En resumo.....	8
Especies en perigo.....	8

Animais autóctonos galegos

Os animais autóctonos son animais que viven de forma natural nun lugar determinado sen que os trouxeran doutro sitio. En Galicia hai moitos animais autóctonos:

- Nos montes e bosques, especies como o raposo, o corzo e o xabaril.
- No ceo, voan aves como o azor, a píllara das dunas e a curuxa.
- Nos lagos e ríos, habitan especies como a troita, a lamprea e o salmón atlántico.
- No mar tamén hai moitos animais autóctonos, como a faneca, o polbo e a robaliza.

Ademais, Galicia conta con especies únicas, como o cabalo galego, que leva séculos presente nos nosos montes, ou o caracol de Quimper, que só se atopa en poucos lugares do mundo e na actualidade está en perigo de extinción.



O reino dos animais

O reino dos animais ou reino dos Metazoos está formado por seres vivos que nacen, medran, reproducense e morren. Todos os animais teñen certas características en común:

- Son **pluricelulares**: Están formados por moitas células.
- Son **heterótrofos**: Comen plantas ou outros animais para sobrevivir.
- Posúen **aparato locomotor**: A maioría pode moverse dun lugar a outro, xa sexa andando, nadando ou voando.
- **Reprodúcense**: A maioría reproducese de forma sexual, é dicir, cun macho e unha femia.
- **Relaciónanse co medio**: Son capaces de percibir o que pasa ao seu redor e reaccionar.
- **Simetría**: Case todos os animais teñen simetría, bilateral, se o corpo se divide en dúas metades iguais ao trazar unha liña polo medio ou radial, se se pode dividir en varias partes iguais arredor dun punto central como as estrelas de mar.

Debido á súa gran diversidade, é necesario facer unha clasificación dos animais que permita estudalos e coñecelos a fondo para comprender mellor como son e como se relacionan co seu entorno.

Clasificación

Segundo o tipo de alimentación	Herbívoros	Aliméntanse de plantas. Exemplo: o corzo.
	Carnívoros	Aliméntase doutros animais. Exemplo: o lobo.
	Omnívoros	Aliméntanse de plantas e doutros animais. Exemplos: o raposo e o xabaril.
	Preeiros	Aliméntanse dos restos doutros seres vivos. Exemplos: o voitre e as hienas.
Segundo a súa reprodución	Vivíparos	As crías desenvólvense no ventre da nai ata o momento do nacemento. Exemplo: o cabalo.
	Ovíparos	As crías desenvólvense dentro dun ovo fóra do corpo da nai. Exemplos: a aguia real e a lamprea.
	Ovovíparos	As crías nacen de ovos que están dentro do corpo da nai ata o nacemento. Por exemplo, algunhas serpes.
Segundo o seu hábitat	Terrestres	Viven en terra firme. Exemplos: a lebre e o oso pardo.
	Acuáticos	Viven en lagos, ríos ou mares. Exemplos: a sardiña.
	Aéreos	Pasan gran parte da súa vida no aire. Exemplos: a curuxa e a píllara das dunas.
Segundo teñan ou non columna vertebral	Vertebrados	Teñen un esqueleto interno con ósos e unha columna vertebral. Exemplos: o sapoconcho.
	Invertebrados	Non teñen columna vertebral nin un esqueleto interno de ósos. Exemplos: a bolboreta.

Os animais vertebrados

Os animais vertebrados posúen dúas características comúns:


- Todos teñen **esqueleto interno con columna vertebral**. Isto dálle forza ao seu corpo, permítelles moverse e protexe os seus órganos máis importantes.
- Ademais, a maioría dos vertebrados **teñen cabeza, tronco e extremidades**, aínda que estas poden ser moi diferentes: algúns teñen patas, outros aletas e outros ás.

Clasificación dos animais vertebrados

Clasifícanse en cinco grandes grupos:

Peixes

Características: Teñen o corpo cuberto de escamas e aletas para moverse. Respiran



por branquias. Son de sangue frío. A maioría son ovíparos, é dicir, poñen ovos aínda que algúns como as quenllas, teñen crías vivas. Subdivídense en:


- **Óseos:** Esqueleto de óso, escamas e vexiga natatoria. Exemplo: sardiñas e troitas.
- **Cartilaxinosos:** Esqueleto de cartilaxe, pel rugosa e sen vexiga natatoria. Exemplo: quenllas e raías.

Anfibios

Características: Teñen pel húmida, fina e sen escamas, que lles permite respirar. Son carnívoros, con lingua pegañenta para capturar presas. A maioría son ovíparos, poñen ovos sen casca en lugares húmidos. As súas extremidades están adaptadas ao seu medio. Sofren metamorfose, é dicir, nacen como larvas acuáticas con aletas, cola e branquias, e ao medrar desenvolven pulmóns e patas para vivir en terra.

Subdivídense en:

- **Anuros:** Sen cola de adultos; patas traseiras fortes para saltar. Por exemplo, ras e sapos.
- **Urodelos:** Corpo longo con cola toda a vida; móvense arrastrándose ou nadando. Por exemplo, as píntegas e os tritóns.




Réptiles

Características: Pel grosa, seca e con escamas. Respiran por pulmóns, mesmo os acuáticos. Teñen extremidades variadas: patas fortes, sen patas (serpes) ou patas con membranas (crocodilos). Aínda que a maioría son ovíparos, con ovos de casca dura, algúns son ovovivíparos. Son de sangue frío, regulan a temperatura co sol.

Subdivídense en:

- **Escamosos:** Pel con escamas soltas, mudan a pel e teñen lingua bífida. Por exemplo, os lagartos e as serpes.
- **Quelonios:** Teñen unha coiraza ósea, mandíbulas en forma de pico e extremidades adaptadas. Respiran por pulmóns. Por exemplo, as tartarugas e os sapoconchos.
- **Cocodrilianos:** Posúen un corpo robusto con escamas duras, mandíbulas fortes e ollos e nariz na parte superior da cabeza. Por exemplo, os crocodilos.




Aves

Características: Teñen o corpo cuberto de plumas, ás e bico sen dentes. Poñen ovos con casca dura. Posúen ósos lixeiros e ocos. Respiran con pulmóns e sacos aéreos.

Subdivídense en:

Carenadas: Teñen unha estrutura chamada quilla que lles permite voar. Por exemplo, aguias, curuxas, píllara das dunas ...


Ratites: Adoitan ser moi grandes. Non teñen quilla, non poden voar e teñen ás atrofiadas. Por exemplo, a avestruz e o ñandú.



Mamíferos

Características: Teñen o corpo cuberto de pelo, respiran por pulmóns e a maioría son vivíparos (nacen do ventre da nai). As femias teñen glándulas mamarias para alimentar ás crías con leite. Son de sangue quente é dicir, regulan a súa temperatura corporal. Subdivídense en:

- **Monotremas:** Son os únicos mamíferos que poñen ovos. Por exemplo, os ornitorrincos.
- **Marsupiais:** As crías nacen moi pequenas e terminan de desenvolverse nunha bolsa chamada marsupio. Por exemplo, canguros e coalas.
- **Placentarios:** As crías desenvolvense dentro da nai e aliméntanse a través da placenta. Por exemplo, lobos e osos.



Os animais invertebrados



Os animais invertebrados posúen varias características comúns:

- Non teñen esqueleto interno nin columna vertebral. Algúns teñen proteccións externas como cuncha ou exoesqueleto.
- A maioría son ovíparos.
- Son heterótrofos, é dicir, aliméntanse doutros seres vivos.


Clasificación dos animais invertebrados

Clasifícanse en seis grandes grupos; poríferos, cnidarios, anélidos, equinodermos, moluscos e artrópodos.


Poríferos, cnidarios, anélidos e equinodermos

<p>Poríferos: Viven fixos nos fondos mariños. Teñen corpo en forma de saco con poros. A través dos poros toman osíxeno e alimentos.</p>	
<p>Cnidarios: Teñen o corpo con forma de saco e unha única abertura ou boca. Ao redor da boca posúen uns tentáculos con veneno. Algúns viven pegados ás rochas e outros flotan na auga do mar. Pertencen a este grupo os pólipos, as medusas, as anémones e os corais.</p>	

Anélidos: Poden ser acuáticos como as samesugas, as miñocas ou as cocas de mar ou terrestres como a lombriga. Teñen o corpo alongado e dividido en aneis. Os acuáticos respiran a través de branquias e os terrestres a través da pel. Poden ser herbívoros, carnívoros ou omnívoros.




Equinodermos: Teñen o corpo protexido por placas duras das que poden saír espiñas. O seu corpo presenta simetría radial. Respiran a través da pel. Pertencen a este grupo as estrelas e os ourizos de mar.




Moluscos: Teñen o corpo brando. Algúns teñen cuncha. Poden ser terrestres (respiran por pulmóns) ou acuáticos (respiran por branquias). Segundo a súa alimentación clasifícanse en herbívoros, carnívoros ou filtradores. Subdivídense en tres grupos:

- **Gasterópodos:** Teñen cuncha en espiral (agás as lesmas), pé plano e ollos en tentáculos. Por exemplo, os caracois.
- **Bivalvos:** Teñen dúas cunchas (valvas), o corpo brando e pé en forma de machado. Por exemplo, a ameixa, o mexillón e o berberecho.
- **Cefalópodos:** Posúen tentáculos para capturar as presas. Poden ter cuncha ou non. Por exemplo, a lura, o polbo e a xiba.




Artrópodos: A maioría presentan exoesqueleto, que é unha especie de armadura externa que os protexe. Teñen o corpo dividido en cabeza, tórax e abdome ou cefalotórax e abdome. Posúen antenas e patas articuladas para moverse con gran precisión. Os terrestres respiran por traqueas (finos tubos abertos ao exterior) e os acuáticos por branquias. Subdivídense en catro grupos:

- **Insectos:** teñen seis patas e dúas antenas. O seu corpo está dividido en cabeza, tórax e abdome. Algúns teñen ás. Por exemplo, a abella e a bolboreta.
- **Arácnidos:** teñen oito patas. En lugar de antenas teñen palpos. O seu corpo está dividido en cefalotórax e abdome. Por exemplo, as arañas, os escorpións e as carrachas.



- **Miriápodos:** Posúen máis de dez patas. O seu corpo é alongado e está dividido en moitos segmentos. Por exemplo, o cempés e o milpés.
- **Crustáceos:** Teñen dez patas e dúas antenas. O seu corpo está dividido en cefalotórax e abdome. Case todos son acuáticos. Por exemplo, os cangrexos, as gambas e os percebes.



En resumo



Especies en perigo

Na Lista Vermella da UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza) podemos atopar gran cantidade de animais en perigo de extinción ou vulnerables. Algúns dos animais da lista, viven aquí, en Galicia, nos nosos montes, ríos ou costas como por exemplo, o oso pardo, a aguiá real, o esturión, o sapoconcho común, a píntega rabilonga ou a bolboreta arlequín entre eles.

Aínda que as causas da súa extinción son variadas, en case todas, están implicadas as persoas: a destrución dos seus hábitats, a contaminación, o cambio climático, a introdución de especies invasoras ou a caza e pesca excesiva, fan que cada vez sexa máis difícil para estes animais sobrevivir. Pero a boa noticia é que aínda estamos a tempo de evitalo. Pequenos xestos, como coidar a natureza, reciclar, reducir o consumo de plásticos e respectar os espazos naturais, poden marcar a diferenza. Xuntas e xuntos podemos ser parte da solución! Cada pequeno xesto conta!

Créditos das imaxes

Páxina 2:

[Luís Miguel Bugallo Sánchez](#), *Cabalos no concello de Teo* [CC BY – SA 2.0](#)

[Jymm](#), *Elona quimperiana sur une souche*, [Dominio público](#)

Páxinas 3, 4, 5:

Anatomía dun peixe, anatomía dos anfibios, anatomía dos réptiles, anatomía das aves e anatomía dos mamíferos, elaboración propia a partir de pictogramas de ARASAAC. [CC BY NC SA 4.0](#)

Páxina 6:

Medusa, Lombriga e Estrela de mar son pictogramas de ARASAAC.

Espanxa, elaboración propia (proxecto cREAgal) [CC BY NC SA 4.0](#)

Anatomía dos moluscos, elaboración propia (proxecto cREAgal) a partir de pictogramas de ARASAAC. [CC BY NC SA 4.0](#)

Páxina 7:

Anatomía dos artrópodos, elaboración propia (proxecto cREAgal) a partir de pictogramas de ARASAAC. [CC BY NC SA 4.0](#)

Os símbolos pictográficos identificados como *Pictograma de ARASAAC* son propiedade do Goberno de Aragón e foro creados por Sergio Palao para ARASAAC (<http://www.arasa-ac.org>) , que os distribúe baixo licenza [Creative Commons BY-NC-SA](#).



“Resumo de contidos: Aventura animal”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)